

**Acta núm. 08/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 19 de maio de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.

José Antonio Vidal González.

María Rosa Romero Fariña.

Carlos Noya Pereira.

Non asiste: Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 19 de maio de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2026, DO 05/05/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (CAMBIO DE TITULAR DE ACTIVIDADE).
- 5º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 9º) APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDO DE DETALLE.

FORA DA ORDE DO DÍA:

1. ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIA VERÁN E CAMPAMENTOS 2026, CONCILIA NADAL 2026-2027 E CONCILIA ENTROIDO E CONCILIA PASCUA 2027.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2026, DO 05/05/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 05.05.2026, acta núm. 07/2026, coa seguinte corrección de erros: No punto segundo da orde do día, no apartado m) onde di: Concepción Alonso Pazos, debe dicir Concepción Alonso Vázquez.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL PARDIÑAS VÁZQUEZ, na que comunica a construción dun alpendre illado de 63,00 m² destinado a gardar apeiros de labranza, afastado a 6,50 metros do lindeiro leste da parcela sita no lugar de Mourentáns nº 32, Viceso.

A construción segundo o proxecto técnico redactado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís asinado en data do 19.01.2026, desenvólvese en planta baixa, cunha altura de 4 m. ao aleiro. A cuberta resolverase a dúas augas, con acabado de tella cerámica curva sobre pranchas de fibrocemento e estrutura formada por viguetas de formigón pretensado. Os

cerramentos executaranse mediante fábrica de bloque de formigón, enfuscada a dúas caras e pintada en cor branca.

A parcela (referencia catastral 1373505NH2417S0001HY) obxecto da actuación atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9, e sitúase na aldea de Mourentáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave VE2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 20/02/2026 (expediente XTC-2025-2031(2).AUI) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 435,90 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 500,47 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALEJANDRO REY COUSO, na que comunica a execución de obras de mellora e mantemento, na vivenda sita en Coruxido nº 20, Bastavales, consistentes na aplicación dun tratamento hidrófugo nas fachadas de mampostería; na instalación de dúas ventás de cuberta tipo “Velux”; no lavado e reparación parcial da cuberta de tella cerámica, incluíndo a revisión e selado das limas e da cheminea; así como no pintado interior da vivenda.

A edificación (referencia catastral 7505114NH2470N0001LK) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 373,68 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 438,25 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada MARÍA ESTHER GARCÍA ABEIJÓN, na que comunica que vai pintar as fachadas principal, posterior e lateral norte da vivenda sita en Fonte Paredes nº 4 – Ons.

A edificación (referencia catastral 1687102NH2418N0001RG) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non

consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-As fachadas deberán quedar pintadas en tons preferentemente claros.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,24 euros.

Total: 20,24 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Miguel Saavedra Santiago, que di actuar en representación de DOMINGO ÁLVAREZ LOIS, na que comunica que vai exectuar obras de mantemento e conservación na cuberta dun cobertizo illado, cunha superficie construída de 87,15 m², sito en Gontade, parroquia dos Ánxeles.

As obras consonte co proxecto técnico asinado pola arquitecta Mary Sol Magdalena Rodríguez en data 01.05.2026, consistirán en substituír a estrutura existente de madeira por unha nova formada por viguetas pretensadas de formigón, mantendo a mesma configuración de cuberta a dúas augas e a mesma pendente.

Previamente retirárase a cuberta actual de tella cerámica, que será substituída por outra de características similares, tella cerámica curva sobre pranchas de fibrocemento. Así mesmo, instalaranse canlóns e baixantes de aluminio.

A parcela (referencia catastral 5233501NH2453S0001MG) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 150,70 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 215,27 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CARRO PRESEDO, na que comunica que vai realizar, sobre unha parcela libre de edificación situada en Gronzo, Brión, a reparación parcial dun muro de mampostería con fronte a vía pública. As obras consistirán na

recolocación de pedras, dado o seu mal estado de conservación, mantendo en todo caso a altura existente do muro, situada entre 50 e 70 cm sobre a rasante do camiño.

O tramo obxecto de actuación ten unha lonxitude total de 28 metros lineais, comprendendo a totalidade do lado oeste (12 ml) e 16 ml do lado norte, segundo se indica no plano achegado.

A parcela (referencia catastral 4753801NH2445S0001ZU) na que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, sendo de aplicación a ordenanza nº 8.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá de manterse a altura do peche existente.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,00 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 75,57 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARLOS BÓVEDA CASADO, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada na Avda. Vicente Ramos 19 – Os Ánxeles.

Con data 23.06.2020 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a PURIFICACIÓN GONZÁLEZ MARCOS E CARLOS BÓVEDA CASADO, para construír unha vivenda unifamiliar na Avda. Vicente Ramos nº 19,- Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Carlos Bóveda Casado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 29.05.2020 (n.r.e.:2002377).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Carlos Bóveda Casado con data 23.02.2022, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 16.01.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (CAMBIO DE TITULAR DE ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Javier Álvarez Pereiro, que di actuar en representación de VAGALUME BIOMASA, S.L.U., na que comunica o cambio de

titularidade da licenza de actividade de “Planta de aproveitamento integral de biomasa” da nave situada no lugar de Coruxido – Bastavales.

A devandita licenza de actividade foi concedida pola Pleno en data 31.03.1987 a favor de César Álvarez Rodríguez. Últimamente, a actividade viña desenvolvéndose a nome de Ecowarm de Galicia, S.L., e agora solicítase a súa transmisión a favor de Vagalume Biomasa, S.L.U.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de “Planta de aproveitamento integral de biomasa” da nave situada no lugar de Coruxido – Bastavales, a nome de VAGALUME BIOMASA, S.L.U – CIF: B75376178.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER ALEJANDRO DE PINHO CASAS, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de actividade de “Farmacia” do local situado na Avda. de Noia nº12 – Os Ánxeles.

A devandita licenza de actividade foi concedida pola Xunta de Goberno Local en data 08.06.2021 a favor de Rosa María Lorenzo Caínzos, e agora solicítase a súa transmisión a favor de Javier Alejandro de Pinho Casas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de actividade de “Farmacia” do local situado na Avda. de Noia nº12 – Os Ánxeles, a nome de JAVIER ALEJANDRO DE PINHO CASAS – DNI: ***4729**

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (20,7 kw) para uso residencial no lugar de Babenzo nº 60 (Bastavales), abrindo unha gabia (13 ml), segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza en data 01.08.2022, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 01.08.2022 (extpe. 22201702).

A parcela (referencia catastral: 15013B503002850001QT) sobre a que se actúa está clasificada como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 75,60 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 15,12 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 79,69 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (6,73 kw) a unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Souto nº 28 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia (4 ml), sobre un vial municipal, segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez asinada con data 24.04.2026.

A vivenda (referencia catastral: 5836403NH2453N0001LG) obxecto do subministro sitúase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 84,57 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,91 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,48 euros.

SIXTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jorge Couceiro Dorelle, que di actuar en representación de NOVATERRA MBC S.L., na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Liñares – Brión, resultando de dita segregación seis parcelas (incluída unha de cesión), segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico forestal Jorge Couceiro Dorelle, asinado con data 29.04.2026, visado polo Colexio Oficial de Enxeñería Técnica Forestal de Galicia (núm. 20260071).

Descrición da parcela de orixe:

Finca número catrocentos noventa e oito (498), do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Félix de Brión.

Referencia catastral: 6051202NH2455S0001OA
Superficie (segundo medición recente): 6.053 m².
Lindes:

Norte: parcela segregada propiedade de Jesús Lema Lema.
Sur: camiño construído polo servizo, regato en medio.
Leste: Serafina Vázquez Novo (501) e Ramón Rodríguez García (500), regato en medio.
Oeste: camiño construído polo servizo, regato en medio.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-2).

Segregación pretendida:

Parcela matriz (Parcela 498-matriz).

Superficie neta: 1.109 m².

Lindes:

Norte: parcela segregada propiedade de Jesús Lema Lema.

Sur: Lote 1, parcela segregada número 498-1.

Leste: Serafina Vázquez Novo (501), regato en medio.

Oeste: Lote 5 de cesión a viais que a separa do camiño.

Clasificación urbanística: NRL-2.

Lote 1 (Parcela 498-1).

Superficie neta: 1.193 m².

Lindes:

Norte: Finca matriz, número 498- Matriz.

Sur: Lote 2, parcela segregada número 498-2 e Lote 4, parcela segregada número 498-4.

Leste: Serafina Vázquez Novo (501), regato en medio.

Oeste: Lote 5 de cesión a viais que a separa do camiño.

Clasificación urbanística: NRL-2.

Lote 2 (Parcela 498-2).

Superficie neta: 1.002 m².

Lindes:

Norte: Lote 1, parcela segregada número 498-1.

Sur: Lote 3, parcela segregada número 498-3.

Leste: Lote 4, parcela segregada número 498-4.

Oeste: Lote 5 de cesión a viais que a separa do camiño.

Clasificación urbanística: NRL-2.

Lote 3 (Parcela 498-3).

Superficie neta: 1.036 m².

Lindes:

Norte: Lote 2, parcela segregada número 498-2.

Sur: Lote 5 de cesión a viais que a separa do camiño.

Leste: Lote 4, parcela segregada número 498-4.

Oeste: Lote 5 de cesión a viais que a separa do camiño.

Clasificación urbanística: NRL-2.

Lote 4 (Parcela 498-4).

Superficie neta: 1.352 m².

Lindes:

Norte: Lote 1, parcela segregada número 498-1.

Sur: Lote 5 de cesión a viais que a separa do camiño.

Leste: Serafina Vázquez Novo (501).

Oeste: Lote 2, parcela segregada número 498-2 e Lote 3, parcela segregada número 498-3.

Clasificación urbanística: NRL-2.

Lote 5 (Cesión a viais).

Superficie neta: 361 m².

Lindes:

Norte: Parcela segregada propiedade de Jesús Lema Lema e Lotes 3 e 4 (parcelas segregadas 498-3 e 498-4).

Sur: camiño.

Leste: Finca matriz (498- matriz), Lotes 1, 2 e 3 (parcelas segregadas 498-1, 498-2 e 498-3) e Serafina Vázquez Novo (501).

Oeste: camiño.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e aceptar a cesión dos terreos de 361m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 387,42 euros.

Total: 387,42 euros.

SÉTIMO.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta da presentación por parte de ALBERTO MIGUENS IGLESIAS, da solicitude de renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 16 de xullo de 2024, a Alberto Miguens Iglesias, para a construción dunha edificación destinada a local comercial en planta baixa (categoría 2ª) e garaxe-aparcamento en planta semisoto (categoría 1ª) en Sabaxáns, segundo o proxecto básico asinado polo arquitecto José Mario López Freire con data de 30/01/2024.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada, deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16/07/2024.

2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 3.289,88 euros.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 940,27 euros.

4º) Proceder por tesourería á devolución do aval bancario por importe de 900,00 €.

5º) Notificar o presente acordo o interesado.

OITAVO.- DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por Francisco Javier Amenedo Ansede, que dia actuar en representación de MANUEL GARCÍA CASAL, na que comunica a primeira

ocupación dunha vivenda unifamiliar e edificación complementaria na rúa Pomba 10 - Os Ánxeles.

Antecedentes:

1. Con data 16/11/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a MANUEL GARCÍA CASAL, para construír unha vivenda unifamiliar e edificación complementaria na rúa Pomba 10 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Amenedo Ansende, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.04.2021 e documentación complementaria visada o 04.10.2021 e 14.10.2021 (expte. núm. 2101925).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable emitido pola arquitecta municipal acorda por unanimidade:

1º) Iniciar o trámite para a declaración de ineficacia da comunicación previa de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar e edificación complementaria na rúa Pomba 10 - Os Ánxeles, posto que segundo o informe da arquitecta municipal de data 30.04.2026, as obras realmente executadas non se axustan á licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en data 16 de novembro de 2021, e incumpre os parámetros da ordenanza de aplicación (UC-2), no seguinte senso:

- O fondo da edificación principal supera os 12,00 m. máximos permitidos, pola construción dun espazo cuberto na parte dianteira e pola incorporación ao uso vivenda de parte da superficie da edificación complementaria traseira.

2º) Conceder ao interesado un prazo de audiencia de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación correspondente a este acordo, a fin de que poida presentar as alegacións, xustificacións e documentos que estime oportunos.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

4º) Notificar este acordo ao interesado facéndolle constar que contra o presente acto de trámite, non cabe en principio recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer os que estime oportunos.

NOVENO.- APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDO DE DETALLE.

a) Deuse conta do documento denominado: Estudo de detalle para fixación de aliñacións do solo urbano consolidado (UC1) de San Salvador de Bastavales, presentado por Teresa de Jesús Molino Pizarro, que actúa en representación de UNICA ESPACIOS EFICIENTES, S.L., asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansende o 29/04/2026, na parcela con referencia catastral 7724111NH2472N0001KY, situada en San Salvador de Bastavales.

Visto o informe técnico-xurídico favorable do 13.05.2026, asinado pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, a Xunta de Goberno Local como órgano competente do concello, por delegación da alcaldía do 26.06.2023 (BOP 30.06.2023), por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento Estudo de detalle para fixación de aliñacións do solo urbano consolidado (UC1) de San Salvador de Bastavales referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, consonte co establecido no artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Á vista do resultado do trámite de información pública, o Pleno como órgano competente do concello aprobarao definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

FORA DA ORDE DO DÍA:

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

1. ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIA VERÁN E CAMPAMENTOS 2026, CONCILIA NADAL 2026-2027 E CONCILIA ENTROIDO E CONCILIA PASCUA 2027.

Vista a proposta da alcaldía do 19.05.2026.

Visto o informe técnico do 12.05.2026 e o informe de intervención do 18.05.2026.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar os seguintes prezos públicos, sometidos á condición suspensiva de que se conceda de forma definitiva a subvención correspondente ao Plan Corresponsables 2026 e se xere o correspondente crédito. Redondéanse as cantidades resultantes para evitar os decimais de cara a facilitar a xestión dos pagamentos.

1. PREZO PÚBLICO POR PERSOA/DÍA PARA AS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN: 14'50 €.

a) Aprobar a redución da tarifa anterior aplicando unha porcentaxe de entre o 15 e o 50%, segundo os tramos de Renda, do que resultará un prezo final a pagar polos solicitantes encadrados en cada un dos tramos de RPP sobre IPREM:

| TRAMOS SEGUNDO % IPREM | IMPTE. DA RPC EN TRAMO | APORTAC. SOBRE PREZO XERAL | PREZO XERAL/DÍA | PREZO/DÍA RESULTANTE PARA CADA TRAMO | PREZO REDONDEADO |
|------------------------|------------------------|----------------------------|-----------------|--------------------------------------|------------------|
| 0-50 % | 0,00-300,00 € | 15 % | 14,50 | 2,17 € | 2,00 € |
| 50-100 % | 301,00-600,00 € | 25 % | | 3,62 € | 3,50 € |
| 100-150 % | 601,00-900,00 € | 30 % | | 4,35 € | 4,50 € |
| 150-200 % | 901,00-1.200,00 € | 35 % | | 5,07 € | 5,00 € |
| + do 200 % | +1.200,00 € | 50 % | | 7,25 € | 7,00 € |

b) Aprobar a aplicación dunha bonificación do 25% sobre o prezo resultante, para segundos e seguintes fillos da mesma unidade familiar.

2. PREZO PÚBLICO POR PERSOA/ACTIVIDADE COMPLETA PARA CADA UN DOS CAMPAMENTOS (INFANTIL E XUVENIL):

- Infantil: **508,00 €.**

- Xuvenil: **586,00 €.**

b) Aprobar a redución das tarifas anteriores aplicando unha porcentaxe de entre o 14 e o 50%, segundo os tramos de Renda, do que resultará un prezo final a pagar polos solicitantes encadrados en cada un dos tramos de RPP sobre IPREM.

| TRAMOS SEGUNDO % IPREM | IMPTE. DA RPC. EN TRAMO | APORTAC. SOBRE PREZO XERAL | CAMPAMENTO INFANTIL | CAMPAMENTO XUVENIL |
|------------------------------|-------------------------------|-------------------------------------|-------------------------------------|----------------------------------|
| | | | PREZO TOTAL/PERSOA: 508'00 € | PREZO TOTAL/ PERSOA: 586'00 € |
| | | | PREZO RESULTANTE PARA CADA TRAMO | |
| 0-50 % | 0,00-300,00 € | 14 % | 71,00 € | 82,00 € |
| 50-100 % | 301,00-600,00 € | 21 % | 107,00 € | 123,00 € |
| 100-150 % | 601,00-900,00 € | 28 % | 142,00 € | 164,00 € |
| 150-200 % | 901,00-1.200,00 € | 35 % | 178,00 € | 205,00 € |
| + 200 % | +1.200,00 € | 50 % | 254,00 € | 293,00 € |

c) Aprobar a aplicación dunha bonificación do 25% sobre o prezo resultante, para segundos e seguintes fillos da mesma unidade familiar.

DÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,23 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González